

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4483 *Real decreto 288/2014, do 25 de abril, polo que se modifica o Real decreto 1799/2003, do 26 de decembro, polo que se regula o contido das listas electorais e das copias do censo electoral.*

O Real decreto 1799/2003, do 26 de decembro, polo que se regula o contido das listas electorais e das copias do censo electoral, determina o procedemento de consulta do censo electoral para rectificación en período electoral, os datos dispoñibles para a consulta, o contido das listas de votación e os datos dos electores que se inclúen nas copias do censo electoral que se entregan ás candidaturas.

A referencia a listas e copias que se regulan débese entender feita ás impresas ou en formato ficheiro, como se vén facendo habitualmente nas mesas administradas electronicamente desde as eleccións ao Parlamento Europeo de 2009 e nas listas do censo de residentes-ausentes para o escrutinio desde as eleccións autonómicas de 2005.

Os cambios introducidos nos artigos 2.3, 41.5, 75.1 e 75.3 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, por parte das leis orgánicas 2/2011 e 3/2011, ambas do 28 de xaneiro, afectan os artigos 3, 4 e 5 do Real decreto 1799/2003, do 26 de decembro, o que fai necesario eliminar a referencia ás listas de votación dos españois residentes no estranxeiro nas eleccións municipais e locais, incluír nas listas dos españois residentes no estranxeiro o indicador de teren solicitado o voto e establecer un prazo de entrega da copia do censo dos electores residentes no estranxeiro ás candidaturas que permita incorporar a maior información das solicitudes de voto tramitadas até o momento da entrega.

Por outro lado, o artigo 33 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, establece que o censo electoral se ordena por seccións electorais, mentres que o artigo 23 establece que o electorado da sección se distribúe por mesas constituídas con criterios alfabéticos e/ou xeográficos.

Na redacción do artigo 3.1 do Real decreto 1799/2003, do 26 de decembro, régúlase que nos locais electorais se disporá de dous exemplares de listas de votación, un para uso da mesa e outro para a exposición pública no local.

No seu momento, a exposición pública das listas de votación no local electoral resultaba útil para a localización das mesas polos electores que tiñan erros nos seus datos de inscrición, pero, coas melloras continuas introducidas na xestión do censo electoral, agora pódese considerar innecesaria.

Ademais das listas de votación, nos locais electorais expóñense as listas coas rúas da sección e o rango de iniciais do primeiro apelido dos electores que contén cada mesa electoral, para os efectos de que estes poidan coñecer a sección e a mesa electoral que lles corresponde a partir do domicilio e da inicial do seu primeiro apelido.

Entendendo que coa exposición pública da lista de rúas e do rango de iniciais do primeiro apelido se facilita suficientemente a identificación das mesas electorais, á vez que se contribúe a mellorar a protección dos datos de carácter persoal dos electores, elimínase a exposición pública das listas de votación que se vén realizando.

Finalmente, establécese a posibilidade de incorporar os indicadores de voto por correo nas listas de votación ou en listas complementarias.

Sobre este real decreto emitiu informe favorable a Xunta Electoral Central na súa sesión do 12 de decembro de 2013.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Economía e Competitividade, de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de abril de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1799/2003, do 26 de decembro, polo que se regula o contido das listas electorais e das copias do censo electoral.*

O Real decreto 1799/2003, do 26 de decembro, polo que se regula o contido das listas electorais e das copias do censo electoral, queda modificado como segue:

Un. Os números 1 e 2 do artigo 1 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A identificación dos interesados na consulta informática das listas electorais, ante o empregado do concello ou da oficina consular ou sección consular, realizarase mediante os mesmos documentos mencionados no artigo 85 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño: documento nacional de identidade, pasaporte ou permiso de conducir, no cal apareza a fotografía do titular ou, ademais, tratándose de nacionais doutros Estados con dereito a voto nas eleccións municipais ou ao Parlamento Europeo, coa tarxeta de residencia ou mediante un documento de identidade ou pasaporte expedido polas autoridades do país de nacionalidade.

2. Os concellos disporán de información dos electores, coa seguinte desagregación:

- a) Españois residentes no municipio.
- b) Españois residentes no estranxeiro inscritos para efectos electorais no municipio.
- c) Nacionais doutros Estados residentes no municipio, con dereito a voto nas eleccións municipais ou ao Parlamento Europeo.»

Dous. Os números 1, 2 e 3 do artigo 3 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Nos locais electorais disporase de dúas listas por cada mesa electoral, unha coa guía das rúas da sección electoral a que pertence e o rango alfabético de iniciais do primeiro apelido dos electores que contén, para a súa exposición pública, e a outra, cos electores das listas de votación, para uso da mesa.

2. Os electores incluídos na lista de votación da mesa electoral estarán ordenados alfabeticamente por apelidos e nome. Nas eleccións locais e ao Parlamento Europeo, as listas de españois e de nacionais doutros Estados residentes no municipio obteranse separadamente.

3. As listas de votación dos españois residentes-ausentes que viven no estranxeiro para o escrutinio pola xunta electoral competente estarán ordenadas alfabeticamente por apelidos e nome, incluíndo todos os electores residentes no estranxeiro inscritos no seu ámbito coa información dos que solicitaron o voto no prazo establecido, até o vixésimo quinto día despois da convocatoria e aos que as delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral lles remitiron a documentación para o voto até o terceiro día anterior ao da votación. A lista do censo dos electores ausentes que viven no estranxeiro porase á disposición da xunta electoral competente antes de que se constitúa en mesa electoral para realizar o escrutinio dos votos recibidos.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 4 e engádese un novo número 4 no mesmo artigo, que quedan redactados do seguinte modo:

«2. As listas dos españois residentes-ausentes que viven no estranxeiro incluirán os seguintes datos:

- a) Número de orde.
- b) Indicador de ter solicitado o voto.
- c) Apelidos e nome.
- d) Data de nacemento: día, mes e ano.
- e) País de residencia.

4. O dato do indicador de voto por correo a que se refiren os números 1 e 3 poderase incluír en listas complementarias.»

Catro. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 5. *Copias do censo electoral.*

1. As copias do censo electoral que se faciliten en virtude do disposto no artigo 41, números 4 e 5, da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, conterán os electores ordenados de igual forma que nas listas de votación, coas exclusións que correspondan pola aplicación do artigo 6 deste real decreto.

2. As entregas aos representantes das candidaturas das copias do censo de residentes en España realizaranse entre os días vixésimo oitavo e vixésimo noveno posteriores á convocatoria e as do censo de electores residentes-ausentes que viven no estranxeiro, entre os días trixésimo quinto e trixésimo sexto despois da convocatoria, coa información das solicitudes de voto dispoñible até o trixésimo cuarto día posterior á convocatoria.

3. Os datos de cada elector serán os seguintes:

3.1 Electores residentes en España (españóis e nacionais doutros Estados con dereito de voto en España).

- a) Número de orde.
- b) Apelidos e nome.
- c) Provincia e municipio de residencia.
- d) Distrito, sección e mesa electoral.
- e) Domicilio.
- f) Data de nacemento: día, mes e ano.
- g) País de nacionalidade, para os electores nacionais doutros Estados.

3.2 Electores residentes-ausentes que viven no estranxeiro:

- a) Número de orde.
- b) Indicador de ter solicitado o voto.
- c) Apelidos e nome.
- d) Provincia e municipio de inscrición para efectos electorais.
- e) Domicilio.
- f) País de residencia.
- g) Data de nacemento: día, mes e ano.

4. Nas copias para as xuntas electorais de zona incluírase o número do identificador persoal: documento nacional de identidade, pasaporte ou inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de abril de 2014.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN